

ACTA DA CORRESPONDENTE SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 17 DE XULLO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezasete de Xullo de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Perez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez. Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR, QUE FOI A CELEBRADA O PASADO DIA 10 DE XULLO.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 10 de Xullo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concedese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resulta da definitiva, por unanimidade:

A Doña Dolores Amil Fernández, veciña desta vila, con domicilio na carretera de Carballiño nº 87, San Cristobal, para que nunha finca da súa propiedade poida construír unha vivenda unifamiliar; suxetarase as condicións urbanísticas fixadas por esta comisión na súa sesión ordinaria do 15 de Decembro de 1994; as obras axustaranse o proxecto presentado; solicitará licencia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 80.000 pts. para responder da boa calidade do remate da beirarúa e enganches correspondentes, así como calquera incidencia na vía pública. A validez desta licencia e de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións

e Obras desta licencia, o cal importe é de 306.603 pesetas.

A D. Luis Ozores Alvarez, veciño desta vila con domicilio na ctra. Carballiño nº 146, San Cristobal para a reforma da vivenda unifamiliar detalada co nº 146 ; a alineación respecto a linea de cerre e de 9,55 y 6,60 metros respectivamente; precízase informe da COTOP respecto a alineación; as obras axustaranse ó proxecto presentado; solicitaráse licencia de primeira ocupacion. A validez desta licencia é de seis meses a partir da sua notificación. Erguese a definitiva liquidación provisional practicada ós efectos do imposto de construción, instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 107.986 pesetas.

3.- ESCRITOS SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito presentado por Don Constante Iglesias Orge, veciño de Vigo, con domicilio en la calle Asturias nº 40, no que interesa cerre da finca sita en Prexigueiro (Coto alto), a comisión de goberno tendo en conta os informes do Aparellador Municipal acorda , por unanimidade, denegar a devantida solicitude, xa o que se pretende cerrar entendese que e vía publica.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A comisión municipal de goberno, coñece os seguintes:

Da Dirección Xeral de Protección Civil, sobre unha petición de axuda por parte do concello para paliar os danos producidos nos viñedos da comarca polas xeadas.

Do Instituto Galego de Vivenda e Solo sobre as axudas os concellos para infravivienda rural sinalándose na mesma que o prazo de presentación de solicitudes rematará o día 31 de outubro de 1995.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar a certificación complementaria da obra "Remodelación e Transformación da Escola de Francelos " por importe de 71.769 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do presuposto presentado pola empresa Electronor referente o sistema de protección contra tensións da rede na

estación de Bonbeo de Santa Cristina, por importe de 268.600 pesetas.

A Comision Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 500.000 pesetas a Coordinadora da Festa da Istoría como contribución do Concello a devandita festa.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención a Asociación de veciños do barrio de San Francisco - Estación, pola organización das fogueiras de San Xoan, por importe de 52.020 pesetas.

A Comisión de Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a liquidación da Execución da sentenza nº 27/95 por importe de 94.765 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a liquidación da Acta da Seguridade Social nº 125/95, en virtude de auto nº 521/94 por importe de 65.670 pesetas.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, como Secretario Accidental, certifico.